

Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións definitivas de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza convocados por Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión en comisión de servizo de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de Xustiza

O 10 de xullo de 2023 publicouse na intranet de Xustiza e máis na web da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, o 18 de xullo de 2023 publicouse resolución pola que se establecían as adxudicacións provisionais.

Transcorrido o prazo de 3 días hábiles establecido no artigo 11.2 e de conformidade co disposto no artigo 12 da Resolución do 21 de marzo de 2022,

RESOLVO

Primeiro.- Facer públicas, no Anexo I da presente resolución, as puntuacións definitivas obtidas por cada participante da convocatoria.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no Anexo II da presente resolución, a listaxe das adxudicacións definitivas dos postos.

Terceiro.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos contaránse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e máis na web da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

O director xeral de Xustiza
José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



ANEXO I**PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS CANDIDATAS DO CORPO DE
TRAMITACIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA**

Non hai

**LISTAXE DE PERSOAS EXCLUÍDAS DO CORPO DE TRAMITACIÓN PROCESUAL E
ADMINISTRATIVA**

NOME E APELIDOS	CAUSA DE EXCLUSIÓN
Claudia Otero Pérez	Non cumprir co establecido no art.7.1 b)

ANEXO II**LISTAXE DEFINITIVA DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS
DO CORPO DE TRAMITACIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA**

Órgano xudicial da desocupación:	Decanato Servizo Común de Apoio Vigo		
Motivo da desocupación:	Excedencia	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Deserta		

